



Bases de participación na selección de proxectos de intervencións artísticas para a Zona C 2021-2022.

Expediente: 2021/X999/000029

1. Descrición e obxectivos

O Auditorio de Galicia, que ten encomendada a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela, fai unha chamada para a presentación de proxectos de intervención artística e residencia literaria para a Zona C. Punto de información cultural (Rúa Preguntorio, nº 1).

Dirixida a dar visibilidade da arte e da creación literaria emerxente de Galicia, esta convocatoria ten como obxectivo a achega á cidadanía dos discursos artísticos emerxentes que se realizan no país, promover a creación artística emerxente singularizando a Zona C como espazo para proxectos específicos e efémeros no que creadoras e creadores atopen vías de profesionalización, fomentando o debate, a reflexión e a crítica.

2. Quen pode presentar unha solicitude?

Poden presentar solicitude creadoras/es e comisarias/os nadas/os ou residentes en Galicia, cunha traxectoria profesional que, preferentemente, non estea aínda consolidada, e que teñan unha idade inferior aos 35 anos no momento da presentación da solicitude.

3. Modalidades

Poderán concorrer nas seguintes modalidades:

MODALIDADE 1. PROXECTOS DE CREACIÓN ARTÍSTICA

MODALIDADE 2. PROXECTOS DE COMISARIADO

MODALIDADE 3. PROXECTOS DE CREACIÓN LITERARIA

Realizaranse neste período como máximo, 3 proxectos de creación artística (modalidade 1), 1 proxecto de comisariado (modalidade 2) e 1 proxecto de creación literaria (modalidade 3).

En caso de non haber concorrencia ou quedaren desertas algunha das modalidades, o Auditorio de Galicia poderá distribuír noutras modalidades a contía de proxectos seleccionados, sempre e cando exista dispoñibilidade orzamentaria.

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org



4. Documentación que deberá haberse presentado

- Solicitud de participación na modalidade que corresponda
- Copia do NIF ou documentación acreditativa da residencia en Galicia da idade.
- Proxecto que presenta. Documento pdf que non exceda das 10 páxinas.
- Para a modalidade de Proxectos de creación literaria, compromiso de edición da obra resultante por parte dunha editora legalmente constituída e especificación das actividades de mediación.

5. MODALIDADES DE PROXECTOS ARTÍSTICOS

5.1 MODALIDADE 1. PROXECTOS DE CREACIÓN ARTÍSTICA

Dirixido a creadores/as do ámbito da creación artística contemporánea que deberán presentar un proxecto de intervención artística para os espazos expositivos do primeiro e segundo andar da Zona C. A intervención deberá respectar a arquitectura e composición estrutural do edificio, non se aceptarán intervencións que supoñan unha modificación da estrutura ou configuración do edificio. A proposta deberá dialogar co espazo patrimonial sen mancar nin danar o seu contido actual.

Poderán presentar proxectos artistas individuais ou colectivos nados ou residentes en Galicia que teñan unha idade inferior a 35 anos no momento de presentar a solicitude.

As/os participantes poderán presentar un só proxecto de temática libre que destaque pola súa calidade e viabilidade.

Deberán presentar a seguinte documentación:

1. Copia do documento de identidade
2. Acreditación de residencia en caso de que no documento de identidade figure un lugar de nacemento de fora de Galicia.
3. Proxecto da intervención presentada. Documento pdf que non exceda das 10 páxinas e que deberá incluír:

A- TÍTULO E TEXTO EXPLICATIVO. Título e texto explicativo da intervención que se pretende realizar (o Auditorio resérvase o dereito de reprodución).

B- RECREACIÓN DA INTERVENCIÓN. Bosquexos ou reprodución gráfica da intervención, proposta de montaxe e deseño expositivo. No caso de videocreación ou performance deberá inserirse unha ligazón onde visualizar a obra.

C- CURRÍCULO. Currículo resumido da/do artista que non exceda de 20 liñas.

D- ORZAMENTO. Orzamento desagregado por partidas que inclúa calquera gasto que a intervención xere (impostos incluídos)

4- Expediente artístico. As/os artistas poderán achegar información sobre outros traballos. Documento pdf que non exceda das 5 páxinas.

A dotación económica para esta intervención será de 5.000 € (cinco mil euros, impostos incluídos) por proxecto artístico seleccionado. Esta cantidade aboarase mediante transferencia bancaria despois de presentada a factura e unha vez inaugurada a intervención.

As/os artistas ou os colectivos deberán integrar nesta contía a totalidade dos gastos que supoña a intervención (impostos incluídos). O Auditorio de Galicia non se fará cargo de ningún custe de produción, viaxes, dietas, aloxamentos ou calquera outro desembolso que supoña a realización da exposición. A persoa ou colectivo que presente o proxecto deberá ter a capacidade de contratar coa administración pública de acordo co marco legal vixente.

A persoa ou colectivo que presente o proxecto deberá ter a capacidade de contratar coa administración pública de acordo co marco legal vixente.

Nos proxectos cuxo orzamento exceda desta cantidade o participante poderá ter achegas doutras fontes de financiamento, sempre e cando non sexan do Concello de Santiago, estean especificadas na súa proposta e non contraveñan ningunha disposición legal vixente.

5.2 MODALIDADE 2. PROXECTOS DE COMISARIADO

Dirixida a comisarias e comisarios dedicados á práctica curatorial entendida como a relación que se desenvolve en contacto coa/co artista e coas/cos axentes implicadas/os no proxecto e a estruturación nun dispositivo expositivo das distintas pezas ou discursos artísticos. A proposta deberá estar pensada para os espazos expositivos do primeiro e segundo andar da Zona C. A intervención deberá respectar a arquitectura e composición estrutural do edificio, non se aceptarán intervencións que supoñan unha modificación da estrutura ou configuración do edificio. A proposta deberá dialogar co espazo patrimonial sen mancar nin danar o seu contido actual.

Poderán presentar un só proxecto de temática libre que destaque pola súa calidade e viabilidade.

- Poderán presentar proxectos de comisarios/as individuais ou colectivos nados ou residentes en Galicia menores que teñan unha idade inferior a 35 anos no momento de presentar a solicitude

- No proxecto o/a comisaria/o poderá traballar con artistas de calquera idade ou procedencia.

Deberán presentar a seguinte documentación:

1. Copia do documento de identidade
2. Acreditación de residencia sé en caso de que no documento de identidade figure un lugar de nacemento de fora de Galicia
3. Proxecto da intervención presentada. Documento pdf que non exceda das 10 páxinas e que deberá incluír:

A- TÍTULO E TEXTO EXPLICATIVO. Título e texto explicativo da intervención que se pretende realizar, preferentemente en galego (O Auditorio reserva o dereito de reprodución)

B- RECREACIÓN DA INTERVENCIÓN. Bosquexos ou reprodución gráfica da intervención, proposta de montaxe e deseño expositivo. No caso de videocreación ou performance deberá inserirse unha ligazón onde visualizar a obra.

C- CURRÍCULO. Currículo resumido da / do comisaria /o que non exceda de 20 liñas (preferentemente en galego)

D- ORZAMENTO. Orzamento desagregado por partidas que inclúa calquera gasto que a intervención xere (impostos incluídos)

- 4- Expediente artístico. As/os comisarias/os poderán achegar información sobre outros traballos curatoriais. Documento pdf que non exceda das 5 páxinas.

A dotación económica para esta intervención será de 7.000 € (sete mil euros, impostos incluídos) por proxecto artístico seleccionado. Esta cantidade aboarase mediante transferencia bancaria despois de presentada a factura e unha vez inaugurada a intervención.

As/os comisarias/os e as/os artistas ou colectivos que conviden ao proxecto, deberán integrar nesta contía a totalidade dos gastos que supoña a intervención (impostos incluídos). Nestes custos están todos os derivados da xestión das pezas artísticas cos artistas propostos ou cos fondos, coleccións de onde se soliciten as pezas. O Auditorio de Galicia non se fará cargo de ningún custe de produción, viaxes, dietas, aloxamentos ou calquera outro desembolso que supoña a realización da exposición.

A persoa ou colectivo que presente o proxecto deberá ter a capacidade de contratar coa administración pública de acordo co marco legal vixente.

Nos proxectos cuxo orzamento exceda desta cantidade o participante poderá ter achegas doutras fontes de financiamento, sempre e cando non sexan do Concello de Santiago, estean especificadas na súa proposta e non contraveñan ningunha disposición legal vixente.

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓN E CONGRESOS
Santiago de Compostela



CONCELLO DE
SANTIAGO

5.3 CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA AS MODALIDADES DE CREACIÓN ARTÍSTICA E COMISARIADO

Valorarase seguindo a seguinte puntuación nos apartados propostos, a mellor proposta valorarase coa puntuación máxima, obtendo as seguintes propostas puntuacións decrecentes de -5 puntos:

1- A calidade e coherencia do proxecto: solidez formal e conceptual, a viabilidade do proxecto con base na súa adaptabilidade ao espazo de intervención e á optimización dos recursos económicos e materiais, a conexión do proxecto coas correntes actuais de creación contemporánea e a calidade e relevancia das actividades de mediación (80 puntos)

2- A traxectoria do solicitante (premios, bolsas, exposicións, formación etc.) (20 puntos)

5.4 MODALIDADE 3. PROXECTOS DE CREACIÓN LITERARIA

A Modalidade 3, esta dirixida a ofrecer un espazo de creación literaria a creadores/as ou colectivos no centro da cidade vella de Santiago de Compostela. O último andar da Zona C será o lugar que poderán ocupar as/os creadoras/es para realizar o seu proxecto literario. Ademais deberán realizar unha proposta de mediación coa cidadanía na que poderán interactuar cos públicos potenciais e espallar coñecemento do quefacer da creación literaria.

As obras que se presenten deberán ter un compromiso de edición por parte dunha editora legalmente constituída. Na edición da obra, que non será máis aló de 1 ano despois da realización da residencia, deberá figurar que no proceso de creación, a obra foi realizada en residencia na Zona C do Concello de Santiago de Compostela, financiada polo Auditorio de Galicia. Esta indicación deberá dispoñerse en todas as copias editadas e posibles reedicións da obra en calquera lingua do mundo co logotipo de Compostela Cultura e do Concello de Santiago de Compostela. Deberá depositar no Auditorio de Galicia 50 exemplares da obra editada.

Só se aceptarán proxectos que se desenvolvan en lingua galega.

O período de residencia será de maio a xullo de 2022, aínda que o Auditorio poderá cambiar as datas segundo necesidade. Neste período o/a artista poderá realizar a súa estadía na Zona C nos horario habituais de apertura, ou naqueles que conveña co Auditorio de Galicia.

Poderán presentar proxectos escritoras/es individuais ou colectivos nados ou residentes en Galicia que teñan unha idade inferior a 35 anos no momento de presentar a solicitude.

As/os participantes poderán presentar un só proxecto de temática libre que destaque pola súa calidade, viabilidade e proposta de mediación.

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓN E CONGRESOS
Santiago de Compostela



CONCELLO DE
SANTIAGO

Deberán presentar a seguinte documentación:

1. Copia do documento de identidade
2. Acreditación de residencia sé en caso de que no documento de identidade figure un lugar de nacemento de fóra de Galicia
3. Proxecto de creación literaria e mediación. Documento pdf que non exceda das 10 páxinas e que deberá incluír:

A- TÍTULO E TEXTO EXPLICATIVO. Título e texto explicativo do proxecto literario que desenvolverá na Zona C.

B- PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN. Proposta de actividades de mediación coa cidadanía onde se propoñan actividades dirixidas ao fomento da lectura, a creación literaria e/ou o coñecemento e contacto da cidadanía do sector literario do país.

C- CURRÍCULO. Currículo resumido da/do creadora/or que non exceda de 20 liñas

D- ORZAMENTO. Orzamento desagregado por partidas que inclúa calquera gasto que a intervención xere (impostos incluídos). Non poderán ser incluídos os gastos de edición.

4- Compromiso de edición da obra resultante do proxecto presentado por parte dunha editora legalmente constituída.

5- Expediente artístico. As/os artistas poderán achegar información sobre outros traballos. Documento pdf que non exceda das 5 páxinas.

A dotación económica para esta residencia será de 5.000 € (cinco mil euros, impostos incluídos) por proxecto seleccionado. Esta cantidade aboarase mediante transferencia bancaria despois de presentada a factura e unha realizada a residencia e o proxecto de mediación.

As/os creadoras/es deberán integrar nesta contía a totalidade dos gastos que supoña a intervención (impostos incluídos). O Auditorio de Galicia non se fará cargo de ningún custe de produción, viaxes, dietas, aloxamentos ou calquera outro desembolso que supoña a realización da residencia e da mediación. A persoa ou colectivo que presente o proxecto deberá ter a capacidade de contratar coa administración pública de acordo co marco legal vixente.

A persoa ou colectivo que presente o proxecto deberá ter a capacidade de contratar coa administración pública de acordo co marco legal vixente.

5.5 CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A MODALIDADE 3 DE RESIDENCIA LITERARIA

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela



CONCELLO DE
SANTIAGO



**Compostela
Cultura**

Valorarase seguindo a seguinte puntuación nos apartados propostos, a mellor proposta valorarase coa puntuación máxima, obtendo as seguintes propostas puntuacións decrecentes de -5 puntos:

- 1- A calidade e coherencia do proxecto: solidez formal e conceptual, viabilidade económica e técnica e calidade e relevancia das actividades de mediación (60 puntos)
- 2- A calidade lingüística do proxecto (20 puntos)
- 3- A traxectoria do solicitante (premios, bolsas, formación etc.) (20 puntos)

6. CONDICIÓN XERAIS

Os importes asignados para cada modalidade están sometidos ás retencións e impostos que marca a lei.

As intervencións adaptaranse ao calendario proposto polo Auditorio de Galicia que se porá en contacto cos seleccionados para indicarlles o período de intervención.

Dado o traballo presencial que requiren as intervencións todas/os seleccionadas/os deben ter compromiso de presenza e seguimento e deberán contar con os elementos necesarios para a instalación das obras e para a súa correcta exhibición e adecuación ao espazo.

Os traballos quedarán en mans das/os autoras/es que autorizan ao Auditorio a citación do seu nome así como a reprodución gráfica da súa obra para calquera tipo de difusión ou publicación que o Auditorio considere oportuno facer dela, propiciando tamén o material que o Auditorio requira como textos, imaxes etc.

Finalizada a intervención o espazo debe quedar en condicións para a seguinte intervención. Esta adecuación do espazo debe estar contemplada no orzamento.

O Auditorio de Galicia asinará un contrato coa persoa seleccionada, no que se especificarán todas as cuestións relativas á execución do proxecto, sendo responsable último do mesmo.

Todas as comunicacións se deriven desta convocatoria e que se dirixan ao Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela ou a calquera outra entidade ou persoa con sede ou domicilio no territorio de Galicia, así como a actividade de divulgación ou publicidade a que dea lugar (rótulos, avisos, sinais informativos, folletos, publicacións etc) e as propias prestacións do contrato (materializadas en forma verbal ou documental) realizaranse en lingua galega de acordo co previsto Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela.

7. SELECCIÓN. COMISIÓN DE SELECCIÓN

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org





**Compostela
Cultura**

O número máximo de proxectos seleccionados nas modalidades 1 e 2 será de 4 en total e dependerá da calidade e do número de proxectos que se presenten en cada unha. E para a modalidade 3 será de 1 proxecto.

Formarán parte da comisión de selección para as modalidades 1 e 2, nomeados polo Auditorio de Galicia:

- 2 expertos/as no ámbito das artes visuais.
- 1 traballador/a do departamento de programación do Auditorio de Galicia.

Formarán parte da comisión de selección para as modalidades 3:

- 2 expertos/as no ámbito literario e/ou lingüístico.
- 1 traballador/a do departamento de programación do Auditorio de Galicia.

A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das condicións expostas nesta resolución e a conformidade coa decisión do comité de selección, que é inapelable.

A organización resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestas bases, sempre que supoñan melloras para o desenvolvemento dos obxectivos desta convocatoria.

O comité de selección resérvase o dereito de declarar deserta algunha das modalidades.

8. ORZAMENTO TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA DOS/AS SELECCIONADOS/AS

As obrigas económicas que se deriven desta contratación realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 33404 22706 de artes visuais do orzamento xeral do Auditorio de Galicia, e a execución da mesma queda vinculada á existencia de crédito orzamentario suficiente para levala a cabo.

Logo da selección correspondente segundo os trámites regulados nas bases desta convocatoria, os contratos que, de ser o caso, se adxudiquen serán contratos de servizos artísticos, menores pola súa contía e privados polas razóns de exclusividade artística definidas na LCSP.

Formalizarase un contrato privado entre ambas as partes onde se especificarán os contidos e alcance da intervención resultantes do proxecto artístico seleccionado.

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela



CONCELLO DE
SANTIAGO

A selección do comité de valoración non xera ningún dereito nin obriga do participante co Auditorio de Galicia e viceversa, esta ten carácter de proposta que deberá ser ratificada polo órgano de contratación competente do Auditorio de Galicia.

9. CALENDARIO ORIENTATIVO

O seguinte calendario é orientativo e poderá ser modificado polo Auditorio de Galicia segundo as necesidades da programación e do espazo.

Decembro 2021-febreiro 2022: posible intervención modalidades 1 ou 2.

Marzo-xuño 2022: posible intervención modalidades 1 ou 2.

Maiο-xullo 2022: posible residencia modalidade 3.

Xullo-setembro 2022: posible intervención modalidades 1 ou 2.

Decembro 2022-febreiro 2023: posible intervención modalidades 1 ou 2.

10. DESCARGA DE PLANOS DO ESPAZO

Para elaborar o proxecto podes descargar plano do espazo en <https://www.compostelacultura.gal/espazos/zona-c>

11. ENVÍO DE PROPOSTAS

As propostas deberán ser enviadas de xeito único a través da sede electrónica do Auditorio de Galicia mediante a solicitude xeral <http://sede.compostelacultura.gal> indicando a modalidade á que se presentan.

12 PRAZO DE PRESENTACIÓN

Un mes a contar a partir do día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do Auditorio de Galicia.

A participación nesta convocatoria implica a aceptación total das súas bases e o Auditorio de Galicia reserva para si o dereito a interpretar as bases desta resolución sempre que sexa necesario para o seu desenvolvemento.

INFORMACIÓN

compostelacultural.gal

exposicions@auditoriodegalicia.org

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela



CONCELLO DE
SANTIAGO



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela



CONCELLO DE
SANTIAGO